

ACTIVIDADES FORMATIVAS E CREATIVAS PARA PRIMARIA E ESO

CURSO 2020-2021

- Lugar de realización: Instalacións de Anias na rúa Echegaray,39 baixo, Pontevedra.
- Inicio: novembro 2020
- Grupos reducidos
- Uso de material individual en todas as actividades
- Protocolo de medidas organizativas e hixiénico-sanitarias de adecuación ao contexto de prevención fronte ao COVID-19. (VER ANEXO)



FORMACIÓN E ESTUDO

ACTIVIDADES



REFORZO EDUCATIVO

Este espazo aporta apoio específico adaptado ás necesidades individuais de cada participante.

Aprenderán a aplicar diferentes técnicas de estudo que faciliten tanto a aprendizaxe do contido teórico como a comprensión das actividades prácticas. Realizaranse as tarefas escolares, resolveranse as dúbidas das materias e reforzaranse os contidos escolares conseguindo, cada vez mais, a autonomía no estudo.



CÁLCULO MENTAL CON ÁBACO

O ábaco é un instrumento que serve para realizar operacións aritméticas pero tamén aporta numerosos beneficios para o desenvolvemento cognitivo e para estimular os procesos de atención, resolución de problemas, concentración e memoria. A través de exercicios prácticos e actividades lúdico-educativas os/as alumnos/as progresan na mellora da comprensión lóxica, estimulando a súa creatividade e perfeccionando paralelamente a motricidade fina.




NIVEL

DÍA

HORARIO

Primaria	Luns e Venres	16:00 a 17:00
		17:10 a 18:10
		18:20 a 19:20
ESO	Mércores	16:00 a 18:00 18:10 a 20:10
Iniciación (grupo novo)	Martes	16:00 a 17:00
Intermedio	Martes	17:10 a 18:10
Avanzado	Martes	18:20 a 19:20

EXPRESIÓN E CREATIVIDADE

ACTIVIDADES	NIVEL	DÍA	HORARIO
 <p>DEBUXO ARTÍSTICO</p> <p>O taller de debuxo artístico ten como obxectivo espertar a imaxinación e a creatividade nos participante mentres aprenden as técnicas básicas do debuxo a lapis, o uso das cores, a situación no espazo etc. Trátase tamén de posibilitar a utilización do debuxo como medio de expresión e comunicación de ideas, sentimentos e sensacións.</p>	Primaria	Luns	16:00 a 17:00
 <p>ILUSTRACIÓN E DESEÑO GRÁFICO</p> <p>A través deste taller os/as participantes aprenden a organizar o proceso creativo, ilustrando as súas ideas con diferentes técnicas de deseño para pasalas posteriormente do formato analóxico ao dixital e finalizalas as través do uso de programas de deseño gráfico.</p>	4º, 5º e 6º de Primaria/ ESO	Luns	17:15 a 18:15
 <p>DEBUXO TÉCNICO</p> <p>Nesta actividade ensinarase progresivamente a utilizar as ferramentas necesarias para realizar diferentes proxectos de debuxo técnico. Partirase dende o básico para ir avanzando a técnicas mais complexas, sacándolle o máximo rendemento aos materiais empregados de forma que conseguiremos resultados cada vez máis rápidos e precisos.</p>	5º e 6º de Primaria / ESO	Luns	18:30 a 19:30

TECNOLOXÍA

ACTIVIDADES



INFORMÁTICA

O noso curso de informática para nenos/as ten como obxectivo ensinar informática e mecanografía de forma amena e divertida. A través de exercicios prácticos aprenderán a sacar partido ao seu ordenador para os seus deberes e estudos, avanzando de forma progresiva e personalizada.

Os contidos do curso inclúen o coñecemento de windows, exercicios de mecanografía, e usos de programa de texto e de cálculo.



PROGRAMACIÓN E DESEÑO DE VIDEOXOGOS

Esta actividade ten como finalidade que os/ás participantes adquiren progresivamente coñecementos de programación e linguaxe informático que lles permita ir creando contidos para deseñar e desenvolver un videoxogo desde cero. Mediante o uso de diversas plataformas e ferramentas dixitais os/as alumnos/as deseñarán e crearán xogos cada vez máis avanzados.




ROBÓTICA (NIVEIS INICIACIÓN E INTERMEDIO)

A robótica está cada vez máis presente nos diferentes aspectos das nosas vidas (vehículos con controles robotizados, domótica, robótica industrial, etc.), polo que é cada vez máis importante mergullarse e comprender os protocolos e procesos que a compoñen. A través desta actividade, e cunha metodoloxía individualizada, activa e participativa, os nenos e nenas aprenden, de forma amena, dende programación pura ata a planificación e programación de dispositivos robóticos, tomando parte en un proxecto integrado final.

	NIVEL	DÍA	HORARIO
	Primaria	Luns	16:00 a 17:00
	ESO	Luns	18:20 a 19:20
	Primaria	Luns	17:10 a 18:10
	ESO	Luns	19:30 a 20:30
	Primaria (Iniciación)	Martes	16:00 a 17:00
	Primaria (Intermedio)	Martes	17:10 a 18:10


TECNOLOXÍA

ACTIVIDADES



PROGRAMACIÓN E ROBÓTICA (EN INGLÉS)

Esta actividade está dirixida para nenos e nenas que contan xa con nocións iniciais sobre Robótica e ten como finalidade ampliar os coñecementos e avanzar de nivel. A actividade impártese en lingua inglesa, permitindo o coñecemento de novas ferramentas ao tempo que se reforza a conversa en inglés.



DESEÑO E IMPRESIÓN 3D

O taller propón unha introdución ao deseño 3D e impresión 3D, ferramentas ideais para traballar o pensamento lóxico-matemático e visual-espacial. Durante a formación, o alumno desenvolve outras habilidades, de xeito transversal, como a creatividade, a competencia dixital e o traballo en equipo.

NIVEL

DÍA

HORARIO

Primaria/
ESO

Martes

18:20 a 19:20

Primaria/
ESO

Martes

19:30 a 20:30

IDIOMAS

ACTIVIDADES



OBRADOIRO DE INGLÉS

Actividade destinada a nenos e nenas que queiran facer unha inmersión na lingua inglesa dende un punto de vista lúdico e dinámico.

INGLÉS TRINITY

Clases dirixidas a nenos e nenas de primaria e ESO (a partir dos 8 anos). Estas clases preparan para os exames oficiais do Trinity College London, prestando especial atención á conversa en inglés.

INICIACIÓN AO FRANCÉS


O francés é a lingua estranxeira máis estudada despois do inglés, e a novena lingua máis falada do mundo. Resulta un complemento formativo moi útil de cara ao futuro xa que xunto ao inglés e ao español, o francés é unha das linguas mais faladas en organizacións e empresas internacionais.

FRANCÉS CONVERSA

Actualmente sabemos que unhas das mellores formas de subir o nivel de calquera idioma é dando prioridade ás habilidades de comunicación, e a maneira máis importante de comunicarse é facelo falando. Nesta actividade proporanse diferentes temas e dinámicas para abordar oralmente o idioma francés.

INICIACIÓN AO ALEMÁN

A mellor idade para aprender un idioma estranxeiro é durante a infancia, onde a rexión cerebral na que se aloxa a aprendizaxe é a mesma que a da lingua materna. Os nenos non traducen mentalmente ao incorporar a nova lingua, senón que a través de xogos e actividades lúdicas van razoando e expresándose en alemán sen esforzo.



NIVEL	DÍA	HORARIO
Primaria	Mércores	16:00 a 17:00 17:10 a 18.10 18:20 a 19:20
3º, 4º, 5º, e 6º Primaria/ ESO	Mércores	16:00 a 18:00 18.10 a 20:10
4º, 5º e 6º Primaria/ ESO	Xoves	16:00 a 17:00
ESO	Xoves	17:10 a 18:10
4º, 5º e 6º Primaria/ ESO	Xoves	18:20 a 19:20

TARIFAS E DESCONTOS PARA SOCIOS DE ANPAS

ACTIVIDADES	Duración	nº horas semanais	Prezo mensual por alumno/a	Prezo mensual socios/as ANPA
FORMACIÓN E ESTUDIO				
REFORZO EDUCATIVO PRIMARIA	2 sesións semanais	2	48 €	45 €
REFORZO EDUCATIVO ESO	1 sesión semanal	2	60 €	57 €
CÁLCULO MENTAL CON ÁBACO	1 sesión semanal	1	28 €	25 €
EXPRESIÓN E CREATIVIDADE				
DEBUXO ARTÍSTICO	1 sesión semanal	1	25 €	22 €
ILUSTRACIÓN E DESEÑO GRÁFICO	1 sesión semanal	1	28 €	25 €
DEBUXO TÉCNICO	1 sesión semanal	1	25 €	22 €
TECNOLOXIA				
INFORMÁTICA	1 sesión semanal	1	25 €	22 €
PROGRAMACIÓN E DESEÑO DE VIDEOXOGOS	1 sesión semanal	1	25 €	22 €
ROBÓTICA INICIACIÓN	1 sesión semanal	1	38 €	35 €
ROBÓTICA INTERMEDIO	1 sesión semanal	1	38 €	35 €
ROBÓTICA AVANZADO EN INGLÉS	1 sesión semanal	1	43 €	40 €
DESEÑO E IMPRESIÓN 3D	1 sesión semanal	1	43 €	40 €
IDIOMAS				
OBRADOIRO DE INGLÉS	1 sesión semanal	1	25 €	22 €
INGLÉS TRINITY	1 sesión semanal	2	48 €	45 €
FRANCÉS INICIACIÓN	1 sesión semanal	1	25 €	22 €
FRANCÉS CONVERSA	1 sesión semanal	1	25 €	22 €
ALEMÁN	1 sesión semanal	1	25 €	22 €

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN

Teléfonos de información: 986 86 45 98 // 649 34 64 57

Correo electrónico: anias@anias.es

Web: www.anias.es

Sistema de inscrición: A partir do 27 de outubro de 2020 mediante formulario cuberto e entregado en Anias ou enviado por correo electrónico.

Inicio das actividades: A partir de Novembro. Inicio da actividade suxeito a número mínimo de inscricións/as.